

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS
MIL CATORCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

**D. José Juan Vidal Vilanova
(INTERVENTOR)**

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 28 DE XULLO DE 2014. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbbase por unanimidade a referenciada acta.**-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI). O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **25 de setembro de 2014** sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que a baixa do tipo ao 0,48, o era con respecto ao que se fixou polo Ministerio de Facenda, polo que, aínda que parece que se vai producir unha baixada do imposto, non é real, como consecuencia das altas valoracións da nova ponencia, que xorde pola existencia dun plan de axuste, que á súa vez se aprobou polo non pagamento aos provedores, sendo froito da mala xestión do goberno municipal. O interviniente continuou dicindo que isto ten como obxecto non diminuír o poder recadatorio do concello, non tendo que pagar os veciños os resultados da mala xestión dos gobernantes, propoñendo que o goberno municipal se baixe o soldo na mesma proporción que se subiu este imposto, de non ser así, non apoiarían esta proposta.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, recordou que hai 20 anos que non se realiza unha nova ponencia de valores, existindo inxustiza tributaria con moita xente que non paga nada e no concello non se fixo actuación algunha, posto que o incremento do 0,60 foi unha decisión do Ministro de Facenda. Tamén dixo que o partido socialista pediu no seu día unha ponencia de valores que debería facerse coa revisión do planeamento, non no momento actual, que é o peor. Seguiu explicando que as valoracións oscilan nun 30% de suba e que o catastrazo virá a partir de 2019, sempre que non se modifique o tipo e engadindo que esta modificación afectará a outros impostos, como o da renda. A interviniente tamén criticou que os coeficientes reductores practicamente fosen os mesmos, independentemente da situación das vivendas e solicitou que a oficina de información ampliase a súa actividade ata final de ano e que se puxesen bandos en todas as parroquias, para dar a maior información posible aos cidadáns.

O **Sr. Otero Domíguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que era inevitable falar do actual proceso de revisión da ponencia de valores, como xa fixeron os compañeiros que o antecederon e cos que concorda en gran parte. Explicou que o gravame non baixa, senón sobe, xa que antes do aumento ao 0,60, decidido polo Ministro de Facenda, os tipos estaban no 0,46 en urbana e no 0,36 en rústica e agora increméntase, con respecto aos fixados anteriormente polo concello, ao 0,48 os dous. O interviniente dixo que o goberno municipal xustificou este tipo para manter a recadación actual, cando se fixan valores desorbitados na nova ponencia, polo que en realidade a recadación vai aumentar, sendo outra cousa a existencia de coeficientes reductores, crendo que o goberno municipal viu a posibilidade de sanear o déficit económico que xeraron. Finalizou sinalando que se seguiu un criterio lineal para todos os cidadáns

que teñen vivenda neste concello, xa sexa habitual ou segunda residencia, non facéndose unha real xustiza tributaria.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se vai reducir o tipo, posto que se non fose así, os veciños terían que pagar máis, matizando que coa nova ponencia de valores se conseguía unha efectiva xustiza tributaria, como o probaba a existencia de 9.000 novas unidades, o que precisamente deu marxe para baixar un 20% o tipo de imposto, permitindo manter a capacidade recadatoria do concello e os servizos existentes.

O **Sr. Gonzalo Pita** destacou que o goberno municipal tivo ocasión dende que se aprobou o PXOM, no ano 2003, para facer unha nova ponencia e a propoñen no momento máis crítico, sendo responsabilidade da mala xestión do goberno municipal non a ter feito antes para que tributasen esas 9.000 unidades.

A **Sra. Aguiñ Pombo** dixo que houbo desleixo e falta de xestión no goberno municipal, ao non facer os deberes en 16 anos e agora hai que arranxalo entre todos, cando se tivesen actuado antes se podería ter ido a un tipo menor.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que no goberno municipal prevalece a cuestión recadatoria, cando o gravame se debeu aplicar aos que nestes últimos anos se enriqueceron comprando e vendendo e aos que en realidade se amnistiou, mentres que terán que seguir pagando os que xa o facían, establecendo un gravame igual para todos, o que é inxusto, o mesmo que o momento elixido, non só pola situación laboral dos contribuíntes, senón pola urbanística, posto que como consecuencia da aparición de novas leis nesta materia, se pode chegar a perder mesmo a edificación prevista no PXOM. Para finalizar dixo que cando se aprobou o plan urbanístico é cando se debeu facer a revisión catastral, antes da evolución dos prezos e, en cambio, neste ano, aínda se seguen valorando excesivamente os terreos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que estaba de acordo na existencia da mala xestión, pero agora a discusión era outra, posto que para que exista xustiza tributaria o que hai é que aplicala, matizando que cando os veciños pedían incremento da edificación no plan, debían saber que hai unhas consecuencias tributarias en virtude do que se poida edificar enriba do solo. O interviniente opinou que a lei debía establecer un prazo máximo para a fixación dunha nova ponencia de valores, xa que non pode ser que pasen 11 anos dende a aprobación do PXOM e saian prexudicados os que levan pagando toda a vida en beneficio dos que non o fixeron e aos que non se lles vai cobrar nada con carácter retroactivo, o que é unha pena. Tamén aludiu a que non está de acordo co manifestado anteriormente con respecto as vivendas de segunda residencia, xa que este concello vive do turismo e non encontra razóns para castigalas. Recordou que no seu momento se pagaba o 0,46, posteriormente o goberno estatal subiu ao 0,60 e, senón se adopta este acordo, os veciños terían que seguir pagando polo 0,60, criticando a demagogia utilizada polos representantes da oposición, xa que non recorda propostas súas relativas a realización dunha revisión catastral e indicando en referencia aos soldos dos políticos, que deben ver o traballo que se fai, precisando como xa dixo outras veces, que gaña menos agora que na empresa onde ten o seu posto de traballo.

O **Sr. Guisasola Padín** recordou que no ano 2012 o BNG non votou en contra da solicitude á

Xerencia do Catastro da revisión de valores e naquel momento díxose que era xustiza tributaria que pagase o que non o facía. Con respecto á crítica ao período de tempo transcorrido dende a aprobación do plan, matizou que entrou na corporación no ano 2011 e, no seguinte, xa se estaba a solicitar a revisión da ponencia, explicándolle ao Sr. Gonzalo Pita que dentro do plan de axuste aprobado polo goberno municipal figuraba a proposta de revisión. Á Sra. Aguín Pombo díxolle que se se tivese feito unha revisión nos anos 2006 ou 2007, a valoración podería ter sido ata un 40% maior. Polo que respecta ao documento da ponencia sinalou que agora habería un prazo de alegacións individual dun mes, dende a notificación a cada veciño e que sempre se lle deu á oposición toda a información que solicitou, mesmo asistiron a unha reunión co Xerente do Catastro en Pontevedra. O interviniente tamén aludiu a que a segunda vivenda xa está gravada especialmente noutros tributos e que esta revisión de valores non afecta a outros impostos. Por último precisou que noutros concellos, gobernados por partidos que están neste na oposición, o tipo era superior ao do Concello de Sanxenxo, como o de Vilargacía co 0,72, Poio co 0,50, Pontevedra co 0,64 e Vigo co 0,88.

A **Sra. Alcaldesa**, ante os datos manifestados polo anterior interviniente, indicou que o PSOE e o BNG, onde gobernan, actúan dunha forma moi distinta a como o fan cando son oposición, precisando que, se se tivese aprobado a nova ponencia no ano 2007 ou no 2008, o aumento tería sido moito maior e a realidade é que agora o tipo non sobe, senón que baixa con respecto aos dous anos anteriores e mesmo moitos veciños pagarán menos que cando estaba ao 0,46. Proseguiu dicindo que se está informando perfectamente aos cidadáns, que parece que non están disconformes, porque senón esta sala estaría chea. A interviniente indicou que o concello tivo que facer fronte a unha situación na que, de ingresar cinco millóns polo ICIO, pasou a non facelo e agora estase a pagar aos provedores nun prazo máximo de 30-40 días, cumprindo o que esixe a lei, concluíndo que este é o mellor tipo que se pode poñer aos veciños de Sanxenxo para seguir mantendo os servizos que presta o concello.

A **Sra. Aguín Pombo**, ao efecto de explicar o voto, indicou que votarían a favor da proposta porque o Partido Socialista solicitou no seu día unha nova ponencia de valores, ao igual que outras medidas, como a asunción da xestión recadatoria, actualmente cedida ao ORAL.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles cos seguintes tipos de gravame:

IBI urbana: O tipo de gravame quedará fixado no 0,48 %.

IBI rústica: O tipo de gravame quedará fixado no 0.48 %.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que se produce unha baixa como consecuencia da situación do IPC e unha suba pola resolución dunha controversia coa concesionaria, á parte da débeda coa mancomunidade, vendo razoable a proposta que ademais conta coa fiscalización favorable do interventor.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, anunciou o voto favorable, independentemente de que se ten que esixir inmediatamente á concesionaria todo aquilo que non é obxecto de controversia.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que se ían abster, aínda que fose para evitar intervencións demagóxicas e paternalistas, como a realizada anteriormente pola Sra. Alcaldesa, en relación ao pagamento aos provedores.

A Sra. Alcaldesa recalcou que hoxe cobra todo o mundo aos 30-40 días da presentación da factura no concello.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se está a aplicar o contrato para a revisión do IPC e a asunción do que corresponde ao concello como consecuencia da resolución dunha controversia coa concesionaria.

A Sra. Alcaldesa explicou que non se produce unha suba como consecuencia da débeda á mancomunidade, senón que esa entidade o que fixo no seu día foi aumentar o prezo de auga en

alta e o Concello de Sanxenxo entendeu que este incremento non debía trasladarse aos veciños, senón que lle correspondía á concesionaria, para o que se formulou a correspondente controversia, da que resultou que o concello tería que pagar a parte correspondente á obra.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

ABOADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,4116 euros/m³
Excesos 0,4647 euros/m³

ABOADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,4116 euros/m³
Excesos 0,4647 euros/m³

ABOADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m³/trimestre 0,4647 euros/m³
Excesos 0,5967 euros/m³

OBRAS:

Mínimo: 120 m³/trimestre 0,5967 euros/m³
Excesos 0,7698 euros/m³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ao facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 103,89 euros, non incrementándose para o ano 2015.

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 167,20 euros, non incrementándose para o ano 2015. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan abonados os recibos pendentes.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

Non se producen intervencións e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das seguintes tarifas:

1. Vivendas de carácter unifamiliar.....15,26 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación3,832 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros 1.271,083 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado.....0,215 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados 18,334 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado..... 50,864 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ao público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos..... 122,070 euros/ano
8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 103,89 euros, non variando o seu importe.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das seguintes tarifas:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico 2,973 euros/mes
- Uso comercial..... 2,973 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros..... 5,099 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico 0,190 euros/m³
- Uso comercial..... 0,190 euros/m³
- Uso industrial hostalería, obras e outros..... 0,190 euros/m³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico 16,182 euros/trim.
- Uso comercial..... 16,182 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros..... 46,296 euros/trim.

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 5,099 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado)..... 0,190 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: modificar o artigo 2º da ordenanza que queda como segue:

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa as actividades municipais, tanto técnicas como administrativas, tendentes a verificar se os establecementos industriais, mercantís ou análogos reúnen as condicións esixidas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación para o outorgamento da licenza así como a realización das actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2. Ós efectos da aplicación desta taxa, considerarase apertura:

a) Os primeiros establecementos.

b) A variación ou ampliación da actividades desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo esixindo unha nova verificación das mesmas.

3. Entenderase por establecemento industrial, mercantil ou análogo que require a presentación dunha comunicación previa e declaración responsable ou, no seu caso, a obtención da licenza para a súa apertura, toda edificación habitable, aberta ou non ó público que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesán, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto de actividades económicas.

b) Aínda sen desenvolverse en aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forman que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, estudos, oficinas, despachos ou calquera outra análoga.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

7º) DITAME DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO DE DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL ACTUALMENTE VIXENTE DA TAXA DE LICENZAS DE APERTURA MODIFICADA POR ACORDO PLENARIO DE 18 DE OUTUBRO DE 2013. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que esta proposta é resultado da adaptación das ordenanzas a unha lexislación europea coa que non están de acordo, ao substituír a intervención previa do concello pola declaración responsable.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: derogar a ordenanza fiscal actualmente vixente da taxa de licenzas de apertura modificada por acordo plenario de 18.10.13.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 25 de setembro de 2014 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a imposición e ordenación da taxa por licenzas de apertura co seguinte texto:

“Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sanxenxo establece a taxa pola apertura e verificación de establecementos a que se refire o artigo 20.4.i do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa as actividades municipais, tanto técnicas como administrativas, tendentes a verificar se os establecementos industrias, mercantís ou análogos reúnen as condicións esixidas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación para o outorgamento da licenza así como a realización das actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2. Ós efectos da aplicación desta taxa, considerarase apertura:

a) Os primeiros establecementos.

b) A variación ou ampliación da actividades desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo esixindo unha nova verificación das mesmas.

3. Entenderase por establecemento industrial, mercantil ou análogo que require a presentación dunha comunicación previa e declaración responsable ou, no seu caso, a obtención da licenza para a súa apertura, toda edificación habitable, aberta ou non ó público que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesán, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto de actividades económicas.

b) Aínda sen desenvolverse en aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forman que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, estudos, oficinas, despachos ou calquera outra análoga.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO.

Serán suxeitos pasivos obrigados ó pago desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial, mercantil ou análoga.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base impoñible desta taxa unha cantidade calculada de acordo a algún dos seguintes apartados:

1. A cota do Imposto Municipal sobre actividades económicas.

2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determina-la base impoñible se considerará como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, e se determinará observando as seguintes regras:

a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplica-lo tipo de interese legal do Banco de España ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbeles.

b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarse como base a maior, inda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarase como base impoñible esta última.

c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecemento suxeito á Taxa, a base deste último será a que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.

d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local, calculada de acordo ó previsto nas regras anteriores.

3. Alternativamente a base imponible poderá coincidir coa tarifa ou tipo de gravame, cando o mesmo sexa unha cantidade fixa, en razón do tipo de establecemento, segundo o principio tributario de proporcionalidade e segundo a tipoloxía, metros cadrados de superficie e outros elementos indiciarios.

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 7º.- DEVINDICACIÓN

1. A taxa devindícase e nace a obrigaçión de contribuír ó se iniciar a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura ou na data de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo; isto é, coa iniciación do expediente que corresponda.

2. Cando a apertura do establecemento se realizase sen ter solicitado previamente a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, a taxa devindicarase ó se iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autorizar a actividade ou resolver o peche do local.

3. A obriga de contribuír non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 8º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

Artigo 9º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- As persoas interesadas no desenvolvemento de actividades nun establecemento industrial, comercial ou análogo deberán presentar no Concello a solicitude de licenza, a comunicación previa ou a declaración responsable nos impresos habilitado ó efecto pola administración municipal, especificando a actividade ou actividades que pretenda desenvolver no local e abonando a autoliquidación pertinente nas entidades bancarias debidamente acreditadas, o que se deberá xustificar no intre da presentación da solicitude.

2.- O pago da autoliquidación presentada polo interesado terá carácter provisional e será a

conta da liquidación definitiva que proceda.

3.- Si non se acredita o pago do importe da taxa, non se tramitará a solicitude de licenza, cando esta sexa preceptiva.

4.- Se despois de efectuada a solicitude de licenza de apertura ou presentada a comunicación previa ou declaración responsable se variase o ampliase a actividade do local, se alteran as condicións proxectadas ou se amplía o local, estas modificacións deberán comunicarse á administración municipal, coas mesmas características que no apartado 1.- do presente artigo.

5.- Se no proceso de comprobación que realicen os servizos técnicos se detecta que a actividade que se pretende desenvolver non se corresponde coa solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, o interesado, de ser o caso, practicará a liquidación complementaria que proceda.

6.- Unha vez concedida a licenza ou cursada visita de inspección ó local no que quede comprobado o cumprimento da normativa esixible practicarase a liquidación definitiva da taxa que proceda.

Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancions correspondentes, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

TARIFAS:

A) Supermercados ou hipermercados:

De menos de 120 m2:	363,79 euros
De 121 a 300 m2:	608,51 euros
De 301 a 500 m2:	788,21 euros
De 501 a 700 m2:	1.091,38 euros
De 701 a 1000 m2:	1.576,43 euros

De máis de 1000 m2, cóbranse 1.576,43 euros máis 5,87 euros por cada metro cadrado que sobrepase os 1000 m2.

Enténdese por supermercado ou hipermercado o establecemento comercial que venda directamente ó público, polo sistema de autoservizo e posterior pagamento en caixa, produtos que sexan encadrables en máis de dúas categorías, por exemplo, alimentación, droguería, téxtil, papelería, electricidade, etc.

B) Cooperativas:	363,79 euros
C) Economatos:	363,79 euros
D) Tendas de produtos de alimentación en xeral:	363,79 euros
E) Carnicerías:	242,51 euros
f) Panaderías:	242,51 euros
G) Pastelerías:	242,51 euros
H) froiterías:	242,51 euros
I) Peixerías:	242,51 euros
J) Outros establecementos de alimentación:	242,51 euros
K) Outros establecementos de alimentación que constitúan actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):	303,16 euros
L) Tendas de produtos textís e calzado, confección, tecidos ou mercerías:	242,51 euros
M) Tendas de produtos de droguería, ferraxería, electrodomésticos, tendas de cristais ou cristaleras, xogueterías, xoierías, librerías, papelerías e demais establecementos comerciais:	242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):	303,16 euros
Cando as superficies excedan de 200 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.	
N) Pequenos establecementos comerciais como talleres de costura, perruquerías, xastrerías, zapaterías, salóns de beleza, carpinterías de madeira ou metal, venda e transformación de materiais de construción e similares:	242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):	363,79 euros
Cando as superficies excedan de 200 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.	
Ñ) Para calquera outro establecemento comercial non reflectido nos apartados anteriores:	242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):	303,16 euros
Cando as superficies excedan de 200 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.	
O) Gasolineiras:	848,83 euros
P) Lavado e engraxe de vehículos, taller de electricidade do automóbil, mecánica do automóbil, reparación e mantemento de buques, reparación de maquinaria e vehículos agrícolas ou industriais e similares:	485,04 euros
Cando as superficies excedan de 200 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.	
Q) Bancos, axencias de seguros, farmacias, centros recreativos e de ensino privados, axencias inmobiliarias, clínicas médicas, autoescolas, ximnasia, videoclubes, establecementos de cibernética, salas de xogo, clínicas veterinarias, ópticas e similares:	424,42 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):	485,04 euros
Cando as superficies excedan de 150 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.	

- R) Os establecementos de hostalería, aloxamento, recreación e espectáculos:** 424,42 euros
 Se a capacidade excede de 150 persoas engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada tramo de capacidade a maiores de 25 persoas ou fracción.
 (A estes efectos considerarase capacidade as camas de hospedaxe, cadeiras para os establecementos de restauración e espectáculos, e, subsidiariamente, para superficies non limitables por cadeira se considerará un aforo de 2 persoas por metro cadrado útil (pistas de baile, zonas de acampada e similares).
- S) Todo xénero de establecementos fabrís:** 606,32 euros
 Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 848,83 euros
 Cando as superficies excedan de 750 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m2 ou fracción.
- T) Depósitos e almacéns de todo tipo:** 606,32 euros
 Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 848,83 euros
 Cando as superficies excedan de 750 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m2 ou fracción.
- u) Granxas de animais destinados á comercialización ou transformación de calquera xénero, matadoiros, frigoríficos industriais e similares:** 606,32 euros
 Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 848,83 euros
 Cando as superficies excedan de 750 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m2 ou fracción.
- V) Locais non incluídos en ningún apartado anterior:** 242,51 euros
 Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 303,16 euros
 Cando as superficies excedan de 200 m2 engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m2 ou fracción.
- W) Depósitos de gas propano ou similares:** 303,16 euros
- NOTA:** Cando os establecementos vaian a desenrolar varias actividades tomarase como a de referencia só a principal. Exemplo: unha gasoleira ou estación de servizo que teña servizo de lavado de vehículos ou tenda, só se lle aplicará a tarifa propia de gasoleira.”

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.15.”-----

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANXENXO CON MOTIVO DA EXTINCIÓN DA XERENCIA

MUNICIPAL DE URBANISMO E A SUBROGACIÓN DO PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO POLA ENTIDADE LOCAL. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 25 de setembro de 2014** sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que ao pasar ao concello o Servizo de Urbanismo, este se tiña que seguir prestando, polo que estaba de acordo coa proposta, pero non coa praza do substituto do técnico e que se vai extender ata o 31 de decembro de 2014, o que xustificaron pola acumulación de expedientes.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que se subrogaban prazas da Xerencia, organismo no que os criterios de selección eran os que eran, deixando polo camiño garantías en materia de contratación, consolidando prazas de persoal que está imputado por delitos graves, ao igual que a propia **Sra. Alcaldesa**, o que era unha medida incómoda.

A **Sra. Alcaldesa** afirmou que a subrogación se producía porque así o sinalaba a lei e díxolle ao anterior inteviniante que se coñecía algunha contratación irregular podía denunciála ao xulgado, sendo o seu único criterio de selección de persoal convocar os correspondentes concursos e elixir aos mellores, engadindo que algúns dos imputados xa formaban parte do Concello, antes de ir á Xerencia.

Neste momento o **Sr. Otero Domínguez** quixo volver intervir e a **Sra. Alcaldesa** non lle concedeu a palabra, argumentando que non solicitou un novo turno de intervención.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

O Sr. **Otero Domínguez** solicitou que constase na acta que pola **Sra. Presidenta** se lle privou dun segundo turno de intervención neste punto da orde do día.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Incluír na plantilla municipal de funcionarios do Concello de Sanxenxo – Urbanismo – Subprograma 15102.

- 1 Técnico de Xestión Grao medio. Grupo A2, nivel CD 26, ocupada en interinidade.

Incluír na plantilla municipal de persoal laboral do Concello de Sanxenxo – Urbanismo –

Subprograma 15102.

- 1 Arquitecto superior, equiparado a funcionario Grupo A1, nivel CD 22. Praza ocupada en propiedade.
- 1 Arquitecto técnico, equiparado a funcionario Grupo A2, nivel CD 18. Praza ocupada en propiedade.
- 3 Auxiliares de oficinas, equiparado a funcionario Grupo C2, nivel CD 16. Dúas das prazas ocupadas con contratos temporais e 1 en propiedade.

Incluír na plantilla municipal de persoal laboral do Concello de Sanxenxo – Medio Ambiente – Subprograma 17002.

- 1 Auxiliar de oficinas, equiparado a funcionario Grupo C2, nivel CD 16. Praza ocupada con contrato temporal.

Incluír na plantilla municipal de funcionarios do Concello de Sanxenxo – Policía Local – Subprograma 13201.

- 2 Policías Locais. Grupo C1, nivel CD 19, con CE de Policía Local sen noites. Prazas ocupadas en propiedade.
- 1 Oficial da Policía Local. Grupo C1, nivel CD 19, con CE de oficial sen noites. Praza ocupada en propiedade.

Os cambios na RPT do orzamento municipal tan só significarán (de ser o caso) o cambio de programa / subprograma de gasto ligado ao departamento / servizo onde figuran as prazas orixinalmente creadas, non afectando ás remuneracións totais que viñan percibindo as persoas adscritas ás mesmas.

Expóñase ao público a presente 15 días”.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014. O Sr. Secretario da conta do escrito de 30 de xullo de 2014 (rexistro de entrada número. 6.310) da **Intervención Xeral** á Presidenta do pleno do Concello de Sanxenxo, no que literalmente se indica o seguinte:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao primeiro segundo trimestre de 2014, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información o que se refire a Orde Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde Ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro”.

Adxunto a este escrito figuran 29 folios de resguardo telemático da remisión, numerados do 1 ao 29, co selo do concello, así como 59 folios, numerados do 1 ao 59, selados tamén, do impreso de execucións trimestrais das entidades locais para 2014, segundo trimestre.

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 03 DE XULLO AO 15 DE SETEMBRO DE 2014 (DE RES. Nº 735/14 Á Nº 989/14). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas dende o **03 de xullo ao 15 de setembro de 2014**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA SOLICITAR A CONEXIÓN DEFINITIVA Á REDE DE ALUMEADO PÚBLICO DAS NOVAS FAROLAS DE COVA DE PAZOS E A RETIRADA DEFINITIVA DOS POSTES DA ANTIGA INSTALACIÓN LUMINARIA DO MEDIO DA CALZADA. (R. DE ENTRADA NÚM. 8.261 DO 29/09/14). O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 29 de setembro a seguinte MOCIÓN URXENTE.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O tramo de calzada que vai dende a saída da vía rápida ata a igrexa da parroquia de Noalla no lugar de Cova de Pazos foi dotado dunha actuación con fondos do Plan E no ano 2009 consistente en ensanche da calzada, dotación de aceras e alumeado público, etc.

SEGUNDO.- No pleno celebrado o 28 de mayo de 2012, Sanxenxo Agrupación Liberal formulou pregunta sobre as xestións realizadas para a retirada dos antigos postes de Unión Fenosa que se atopaban no medio da calzada no lugar de Cova de Pazos na parroquia de Noalla, no tramo que une a saída da vía rápida co núcleo da Igrexa parroquial, sendo a resposta do concelleiro de obras que se desprazaría ó lugar en cuestión e nos contestaría por escrito, según consta en acta, sendo que ata o día de hoxe non temos ningunha contestación.

TERCEIRO.- O 21 de novembro de 2012, Sanxenxo Agrupación Liberal solicita copia por escrito dos tramites realizados pola administración Local sobre a conexión á rede de alumeado público das novas farolas, aportandonos o día 28 de novembro como única documentación a solicitude de unha subvención para o soterramento de linea de baixa tensión.

CUARTO.- Con fecha 22 de Decembro de 2012, Sanxenxo Agrupación Liberal remite ó Concello un informe técnico acreditando que as novas farolas están dotadas dunha instalación totalmente finalizada e preparada para ser conectada á rede de alumeado público, confirmando dito informe que a instalación

das antigas farolas ten unha instalación totalmente independente, sendo ta sinxelo o enganche das novas farolas que só se necesitarían 6 horas de traballo de dous técnicos electricistas, solicitandolle a verificación e comprobación polos técnicos municipais. Ó mesmo tempo se lle solicita que se nos conteste si esto e acorde ó noso informe ou polo contrario non se axusta coa realidade e porqué, non tendo ata o de agora ningunha resposta por parte do goberno local.

CUARTO.- Con fecha 12 de abril de 2013, Sanxenxo Agrupación Liberal volve a solicitar por escrito de forma reiterada que se nos informe sobre a realidade ou non do informe do técnico remitido pola nosa agrupación.

QUINTO.- Tras a apatía mostrada por este goberno ó non darnos nin unha sola explicación do solicitado por SAL, o que representa claramente unha inoperancia e incompetencia dos nosos gobernantes, no pleno do 26 de Mayo de 2014 Sanxenxo Agrupación Liberal presenta unha moción dando explicación de todo o anteriormente exposto, solicitando o acordo plenario para a conexión definitiva das novas farolas á rede de alumeadado público e a retirada dos postes da antiga instalación luminaria do medio da calzada, non sendo aprobada a urxencia polo grupo de goberno argumentando, según consta en acta, que se siguen as farolas antigas no mesmo lugar e porque non foi posible retiralas, non dando explicación algunha a Sra. Alcaldesa de porqué esto non foi posible.

MOCIÓN

Desde Sanxenxo Agrupación Liberal consideramos por todo o exposto unha burla ó conxunto dos veciños da parroquia de Noalla xa que só se necesitaría medio día de traballo para conectar unha instalación na que se gastaron moitos cartos públicos e que leva 5 anos feita, xunto coa retirada dos postes antigos, polo que adxuntamos listado de firmas dos veciños para solicitarlle ó goberno local a seguinte petición:

1.- Solicitamos o acordo do pleno da corporación municipal para á conexión definitiva á rede de alumeadado público das novas farolas do lugar de Cova de Pazos.

2.- Solicitamos o acordo do pleno da corporación para a retirada definitiva dos postes da antiga instalación luminaria do medio da calzada.

Axuntanse 290 firmas.”

O Sr. Gonzalo Pita xustificou a urxencia polos cinco anos que levan os veciños esquivando os postes, sendo urxente a súa retirada.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O Sr. Gonzalo Pita indicou que no texto da moción se explicaba todo e que os veciños seguían preguntando porque non se retiraban os postes, cando o custo económico non era moi alto, sendo unha cuestión de vontade.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou que se traían mocións a pleno que despois quedaban en nada.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que propoñería o voto en contra desta moción, por considerala demagóxica, calificou de impresentable o informe citado nos antecedentes, porque era imposible facer esta obra por 5.000 euros, explicando que se pediron durante dous anos sucesivos subvencións para executala, sen que as concedesen e agora Fenosa estaba a punto de facela

gratuitamente.

O **Sr. Gonzalo Pita** aludiu a que Fenosa lle comentou aos veciños que non se executaba a obra porque o concello lle debía diñeiro, intervindo entón a **Sra. Alcaldesa** para puntualizar que se ía facer a obra grazas a xestión do grupo de goberno e, especialmente, do Concelleiro de Infraestruturas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que a moción estaba asinada por veciños empadroados en Poio ou A Vichona e a continuación criticou o informe citado na moción, dado que tiña que ser realizado por técnico, necesitando mais tempo de execución do que no informe se sinala, cun custo superior a 40.000 euros.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción antes transcrita**.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A ELABORACIÓN DUN ESTUDO CUXA FINALIDADE SEXA A ORDENACIÓN DE TODOS OS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE SANXENXO DOTÁNDOOS DOS XOGOS SUFICIENTES A CADA UN DOS PARQUES TENDO EN CONTA O NÚMERO DE USUARIOS, ASÍ COMO A REPARACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS E CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EUROPEA. (R. DE ENTRADA NÚM. 8.260 DO 29/09/14). A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

A día de hoxe este Concello conta con moitos parques infantís dispersos por todo o Concello de Sanxenxo. Algúns deles infrautilizados e outros con un importante número de usuarios. Por outra banda algún deles atópanse con claras deficiencias ademáis do incumprimento da normativa europea en materia de parques.

Algúns dos parques infantís contan con número superior de xogos en relación a cantidade de usuarios que reciben e por outra banda hai parques infantís con un gran número de usuarios e moi poucos xogos infantís.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo pretendemos que os parques infantís do Concello de Sanxenxo cumpran a normativa europea en materia de parques, que se arranxen todas as deficiencias e que os parques conten cos números suficientes de xogos de acordo cos números de usuarios que reciben.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

a) Que se proceda a elaboración de un Estudo que teña como finalidade a reordenación de todos os parques infantís do Concello de Sanxenxo, dotando dos xogos suficientes cada un dos parques tendo en conta o número de usuarios dos mesmos.

b) Reparación e dotación das zonas de caucho, acondicionamento dos biosaludables, dotación de bancos e papeleiras, reparacións das barandillas, reparación, substitución e dotación de xogos.

c) Cumprimento da normativa europea de todos os parques do Concello de Sanxenxo.”

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia porque se trataba dunha demanda dos usuarios dos diferentes parques do concello, dado que algúns teñen deficiencias e outros poucos usuarios, buscando a súa maior optimización

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou o exposto na moción e na súa anterior intervención.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, voceiro do Grupo Municipal Mixto, explicou que un dos seus primeiros traballos como concelleiro foi encargar un informe sobre o estados dos parques infantís e dende entón se gastou moito no seu arranxo e mesmo se eliminou un, engadindo que estaban moi ben atendidos, independentemente de que algúns estivesen mais concorridos que outros.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que propoñería o voto de abstención para esta moción.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia a moción resultou aprobada, por maioría simple dos concelleiros/as asistentes á sesión, nos termos anteriormente transcritos.-----

3º) MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA MANIFESTAR A OPOSICIÓN Á PROPOSTA DE REFORMA DA LEXISLACIÓN ELECTORAL FORMULADA POLO GOBERNO DO ESTADO (R. DE ENTRADA NÚM. 8265 DO 29/09/14. O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Sanxenxo,

EXPON:

Despois de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a retriación da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteas contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/sa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.

Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflectan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/sa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto

é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.”

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque contiña demandas contra unhas reformas electorais antidemocráticas e que pretendían reducir a corporación a un mero instrumento.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que propoñería o voto de abstención para a consideración da urxencia desta moción, sinalándolle ao anterior interviniente que tomando como referencia este concello, lle parecía mellor que gobernase a lista mais votada que a traves dun pacto entre catro partidos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, destacou que se trataba dun asunto moi complexo e que non era de competencia municipal.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, expoño ós membros do goberno Local o seguinte:

Queremos poñer en coñecemento un problema que está acontecer nos Colexios e Institutos do Concello, en relación ao servizo de transporte **Monbus**.

Actualmente están cubrindo este servizo con autobuses que carecen de cinturón de seguridade, en case a maioría dos asientos, digo case, porque os da fila de atrás si dispoñen de cinturón, os demais si teñen os anclaxes, pero está o cinturón cortado.

Nestes autobuses cóntase co servizo de Mantelnor, no que o traballador é o que se ocupa de recoller os nenos na porta do colexio, levalos ao autobús, sentalos e baixalos en cada parada e darllos ao seu tutor, isto está perfecto pero en caso de frenada brusca ou un accidente, nin este servizo nin ninguén pode evitar o que si faría un cinturón de seguridade, xa que van nenos de moi pequena idade.

Outro importante problema é relacionado co mesmo asunto, é o dos autobuses que fan o servizo do Instituto de Baltar, pois ademais de carecer algúns autobuses de cinturón, non están sinalizados por rutas ou paradas de a donde se dirixen.

Os nenos, neste caso, non gozan do servizo de Mantelnor, e teñen que eles buscar o seu autobús, andan perdidos e quedan atrás xa que os condutores **“non esperan por ninguén”**.

Puntualmente fai dúas semanas, o primeiro día de clase, quedaron atrás 10 nenos da parroquia de Dorrón do primeiro curso, aínda que se lle insistiu á conductora que esperara polos que faltaban, ela pechou a porta e arrancou, quedando todos en terra.

Constame que a Policía Municipal tamén tivo que levar a casa a algún neno que quedou atrás.

ROGO:

Se mire por este problema de carácter urxente. E se dé un toque de atención a Monbus, xa que cubren este servizo o fagan con todas as medidas de Seguridade, que sinalicen con carteis ou co que eles consideren para que os nenos poidan identificarse co seu destino e sobretodo paciencia a hora de recoller os nenos, pois esas escenas de nenos correndo detrás do seu autobús por medio da estrada e petándolle nos laterales e bastante perigoso, non menos que despois quedan en terra e sin saber como facer para chegar a casa.”

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que se sumaban a esta petición, engadindo que sería interesante que se seguise o protocolo de actuación para estes casos, de maneira que os pais trasladasen ao centro escolar estas queixas, para que dende alí se puxesen en contacto coa Consellería de Educación. A **Sra. Alcaldesa** manifestou que tamén se trasladaría dende o concello esta situación á citada Consellería.

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Polo **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, expoño ós membros do goberno Local o seguinte Rogo:

ANTECEDENTES

Un dos factores mais importantes e determinantes para o turismo do noso concello e en xeral para o turismo da nosa contorna é sin dubida o clima. Gran volumen de número de reservas fanse efectivas actualmente con poucos días de antelación á entrada dos visitantes nos establecementos hoteleiros dependendo da predicción do tempo.

A miúdo pasa que as prediccións do tempo para a zona do Salnés e en concreto para Sanxenxo non se axusta á realidade, non tendo nada que ver con outras zonas de Galicia, causando en ocasións grandes perxucios económicos para o sector turístico, sendo este sector o que representa o maior P.I.B. da nosa comunidade con un 12%, sector no que Sanxenxo é unha referencia.

Sin ir demasiado atrás, este mesmo mes de setembro a semana do 8 ó 13 producíronse perxucios en este sector fruto dunha “predicción imprecisa” na que as prediccións daban choiva e o tempo foi practicamente veraniego sin nada de choiva, retraendo a moitos posibles visitantes a non efectuar reserva e mesmo en moitos casos a cancelar as reservas xa feitas.

O propio concello de Sanxenxo está a facer esforzos económicos importantes a favor do desestazonamento como por exemplo a ampliación dos socorristas nas praias ata o 15 de setembro e non podemos permitir que axentes externos tronquen o principal motor económico do noso concello.

A propia estación de meteoroloxía ten instaladas dúas web-cam nos portos de Sanxenxo e Portonovo que visualiza o estado do tempo en estado real e contradice en ocasións con respecto ás prediccións publicadas na súa propia páxina web.

ROGO

Rogamos ó grupo de goberno insten a todos os axentes informativos posibles a que sean máis precisos a hora de predicir o tempo para Sanxenxo, facendolle ver que estas imprecisións costanlle cartos ós nosos veciños.”

A **Sra. Alcaldesa** mostrou a súa conformidade con este rogo e dixo que dende “Turismo de Sanxenxo” xa se incidiu nese sentido e se acaba de promover unha aplicación que permitirá coñecer en tempo real o tempo neste concello.

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, expoño ós membros do goberno Local o seguinte Rogo:

ANTECEDENTES

En Portonovo existen varias farolas sin tapa inferior na que se pode ver os cables, sendo un perigo si algún neno/a mete a man. Fai uns días producese un fatídico sinistro nunha farola nun parque en Santiago con resultado de unha nena de 14 anos falecida por descarga eléctrica.

ROGO

Rogamos revisen o sistema de alumado público e que ordenen repoñer as tapas das farolas que estén sin ella.”

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que estas revisións se están a facer continuamente.

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 8262 DO 29/09/14). Polo **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 de Bases de Réximen Local.

Este Concello conta con unas zonas costeiras realmente fascinantes pero tamén é certo que bastante abandonadas e infrautilizadas. Concretamente zonas como Punta Faxilda, Punta Cabicastro, Paxariñas, Montalvo, Festiñanzo, son zonas espectaculares polo seu entorno e vistas. A realidade é que as zonas de servidumbre de Costas de estas zonas están cheas de maleza e abandonadas, imposibilitando na maioría dos casos o seu paso polas mesmas. Entendemos que estas zonas limpas son unas rutas de senderismo costeiras de unha enorme beleza i encanto.

É necesario que se proceda a limpeza das zonas de servidumbre costeiras para como unha forma de por en valor o inmenso patrimonio natural do que dispón este Concello.

ROGO: que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar as mencionadas deficiencias.”

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 8263 DO 29/09/14). Polo Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 de Bases de Réximen Local.

Fai bastantes meses que o PSdeG-PSOE levou a pleno un rogo instando a que se levasen a cabo as obras de execución de ampliación da acera no lugar da Vichona a altura do Bar Parladoiro. A mencionada obra permitiría unha mellora de seguridade vial permitindo unha maior visibilidade dos vehículos que acceden dende a estrada de Dadín hacia a PO-504.

A realidade é que calquer vehículo que acceda a estrada xeneral PO-504 dende a estrada secundaria de Dadín e atópese con vehículos estacionados diante do Bar Parladoiro a visibilidade é inexistente e o risco de sufrir un accidente de tráfico é moito maior.

ROGO: que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar a mencionada deficiencia.”

A **Sra. Alcaldesa** indicou que se trasladaría este rogo a administración competente para facer este arranxo, como xa comunicoullo noutras ocasións ao concelleiro que leu o rogo.

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Polo Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

Como todos sabemos, as familias que están pendentes do pago das axudas por material escolar e axudas

por menores de 3 anos están pendentes de recibir as cuantías comprometidas e sin concretar a fecha na que cobrarán.

PREGUNTA

¿Cos presupostos de 2014 prorrogados poden concretar cando se lle asignara partida presupostaria e concretar cal será a fecha na que abonan estas axudas?”.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non podía concretar data e explicou que no expediente figuraba un informe xurídico que aludía á anulación dos acordos e tamén un externo que contemplaba a posibilidade de pagalas, previa consignación presupostaria, agardando poder aboalas a través do orzamento de 2015, o que obrigará a un reaxuste dos presupostos de Terra.

2º) O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, preguntou pola situación na que se encontraba o expediente tramitado para reformar o entorno da capela de Santo Tomé en Vilalonga, contestando a **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que a proposta ía como centro social, cando o uso permitido é o relixioso, polo que terían que cambialo, engadindo que tamén tiñan que aportar a autorización do seu propietario, o bispado.

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

O campo de fútbol de Dorrón é o único do noso concello que non dispón de unhas instalacións con herba sintética, estando claramente o Clube e a parroquia discriminados con respecto ós demais do noso concello. Son moitos os neno/as de Dorrón que teñen desplazarse a outros clubs xa que soste unhas categorías inferiores en un campo de terra e francamente difícil nos tempos actuais.

PREGUNTA

¿Teñen vostedes feita algunha xestión e si é así digannos cales, encamiñadas a dotar o campo de fútbol de Dorrón de herba sintética?”.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se fixeron reiteradas xestións ante a Deputación, agardando que no futuro plan se contemple esta actuación polo organismo provincial.

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Polo **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

Este mes de setembro facíase público a sentenza firme pola que o Concello debe abonar 300.000 euros á empresa autobuses La Unión.

PREGUNTA

¿Cómo teñen pensado pagar esta cantidade?”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que está en estudo polos servizos económicos municipais, despois de que os xulgados resolvesen no sentido de que procedía o pagamento, tendo en conta que dende Intervención se suscitaron dúbidas derivadas do feito de que a empresa tamén cobrase un prezo aos usuarios.

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 8264 DO 29/09/14). Polo **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

No pleno celebrado o pasado mes de Marzo presentamos unha pregunta ante este Pleno que decía:

“Vista a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sobre o cobro do céntimo sanitario, que considerou este como contrario ao dereito comunitario, e que pode ser reclamado non só por particulares e empresarios senón tamén por organismos públicos, presentando a facturación do consumo de combustible da flota de vehículos municipais.

SOLICITA:

Que a maior brevidade posible, os servizos xurídicos municipais estudien as posibilidades de esta entidade local cara a reclamar de xeito correcto a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil do parque municipal de vehículos, caldeiras, etc dos últimos catro anos.

Que os servizos técnicos municipais evalúen a posibilidade de ampliar a reclamación a todo o período impositivo en que estivo en vigor este tributo de acordo a lei 30/1992 de Réximen Xurídico das Administracións e de procedemento común, que regula a responsabilidade patrimonial das administracións públicas e a obrigaón de estas de reparar o dano causado polo mal funcionamento.

Que o goberno habilite os mecanismos necesarios para poder informar a particulares, transportistas autónomos, gandeiros, ou empresarios do Concello de Sanxenxo sobre os pasos a seguir para a devolución mediante vía administrativa”.

Podería decirnos si por parte dos servizos xurídicos municipais estudaron a posibilidade de que esta entidade local reclame a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil?

Pode decirnos a día de hoxe si este Concello reclamou a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil? Se a resposta é afirmativa, pode decirnos a canto ascende a cantidade reclamada?”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se estaba a traballar neste tema en Tesouraría, vendo o seu posible alcance, xa que por un lado parecía que abrangía 4 anos e por outro que podía afectar aos últimos dez anos.

A **Sra. Alcaldesa** respondeu que a cantidade estaba en torno aos 14.000 euros.

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. Polo **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

O pasado mes de Xaneiro presentamos unha pregunta ante o pleno que decía o seguinte:

“O Pavillón de Deportes de Vilalonga, conta con innumerables deficiencias, chove dentro, humedades, rotura de vidros, de portas, de marcos, etc. un pavillón con moitos usuarios directamente que utilizan as mencionadas instalacións paa a práctica de diversos deportes. Estas deficiencias xa foron denunciadas en numerosas ocasións pola nosa parte así como por parte dos usuarios.

A Sra. alcaldesa precisou que levaban feitas mais de 30 reparacións, engadindo que se necesitaba un novo tellado e facer un proxecto de reparación total, evitando parches.

Pode decirnos se a día de hoxe redactaron o mencionado proxecto de reparación total do mesmo? Si a resposta é afirmativa, pode decirnos para cando teñen previsto iniciar a reforma do mesmo?”.

A **Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que eran conscientes do estado do pavillón e que xa tiñan presuposto para a súa reforma, agardando que en breve puidesen acometela. A **Sra. Alcaldesa** puntualizou que que o ideal sería facer de novo este pavillón, ao igual que o da Florida.

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. Polo **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

O pasado mes de xuño leíamos “la empresa pública que gestiona el Puerto Deportivo Juan Carlos I, ha recibido el proyecto constructivo encargado con el objetivo de regenerar la playa de Carabuxeira”.

No pleno ordinario celebrado o pasado mes de Xullo a Sra. alcaldesa decía “o proxecto da rexeneración da Praia da Carabuxeira está prácticametne finalizado”.

A día de hoxe o proxecto está rematado ou non está rematado? Conta con todos los estudios medioambientais, impacto, batimetría, etc e permisos para levar a cabo a rexeneración da mencionada praia? Pode decirnos canto teñen pensado comenzar as obras?”

A **Sra. Alcaldesa** respondeu que o proxecto rematado xa está no concello e agora se están a pedir ofertas para solicitar un préstamo e acometer a obra, engadindo, a petición do **Sr. Buezas Méndez**, que podía consultar o citado documento técnico en Nauta.

8º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, con

respecto ao pagamento a empresa La Unión, preguntou a **Sra. Alcaldesa** como xustifica a prestación dun servizo dese carácter sen contrato e se ve responsabilidade niso, tendo en conta que no seu día indicou que existía un convenio previo que foi superado amplamente en prazo, manténdose o servizo ata as eleccións municipais.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non tiña que xustificarse ante o interpelante e que actualmente xa existe unha sentenza que obriga ao concello a realizar uns pagamentos á citada empresa, solventando as dúbidas existentes polo feito de que esta cobraba aos usuarios.

9º) A **Sra. Fernandez Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou porque non se recollían uns mobles que levaban abandonados na Fonte da Tomada 4 meses, independentemente de que debeu existir unha infracción por quen os colocou alí.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que non coñecía este caso e lamentou que durante estes 4 meses non comunicasen esta situación.

A **Sra. Alcaldesa** puntualizou que o punto limpo era para o depósito dos aparellos, pero a recollida correspondíalle a empresa concesionaria do servizo, tarefa que non se realizaba cos vehículos que facían a recollida de residuos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que recentemente estivo no lugar citado pola interpelante e non viu os aparellos abandonados, precisando a **Sra. Fernandez Agraso** que se encontraban no camiño da Fonte da Tomada.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e tres horas e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **DOU FE:**